

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os animais vertebrados teñen ósos e columna vertebral. O seu corpo divídese en cabeza, tronco e rabo. Do tronco saen as extremidades en forma de patas, aletas ou ás.

Hai cinco grupos de vertebrados: mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes.

Os animais invertebrados son os que non teñen ósos nin columna vertebral.

1 Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.

- Os animais vertebrados posúen un esqueleto interno formado por ósos.
- A columna vertebral é a parte central do esqueleto.
- O corpo dos vertebrados divídese en cabeza e extremidades.
- Os mamíferos non son animais vertebrados.
- A maioría dos invertebrados son vivíparos.

2 Observa as fotografías.

- Clasifica estes animais en vertebrados ou invertebrados.



- Di a que grupo pertence cada un dos vertebrados.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os mamíferos son animais vivíparos, respiran por pulmóns, teñen pelo e a maioría desprázase a catro patas.

Hai diferentes grupos de mamíferos, como os carnívoros, os ungulados, os primates e os cetáceos.

1 Describe as características destes animais. A que grupo pertence cada un?



A. _____



B. _____



C. _____

2 Debuxa unha balea e sinala no debuxo as aletas, o rabo e o espiráculo.

Indica tres características que a diferencian dos animais da pregunta anterior.



Nome _____

Data _____

Froitas de tempada

Comer froita é un dos hábitos alimentarios máis importantes, pero se ademais é froita de tempada, moito mellor. Non en todas as épocas do ano se poden cultivar todas as froitas. Isto é debido a que cada variedade depende dunhas condicións de temperatura e humidade diferentes.

Elixir froitas de tempada ten algunhas vantaxes: ao haber máis produto, o seu prezo é menor ca o resto do ano. Ademais, como van directamente desde onde se cultiva ao mercado, non se necesita almacenar nin refrixerar e así o produto sofre menos, diminúe o gasto enerxético e axúdase á protección do medio natural.

	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
Cereixa				🍒	🍒	🍒	🍒					
Granada	🍎							🍎	🍎	🍎	🍎	🍎
Mazá	🍏	🍏	🍏	🍏	🍏	🍏			🍏	🍏	🍏	🍏
Pexego				🍑	🍑	🍑	🍑					
Melón						🍈	🍈	🍈				
Laranxa	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊	🍊
Néspera			🍋	🍋	🍋							
Plátano	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌	🍌
Pomelo	🍋	🍋	🍋							🍋	🍋	🍋
Uva											🍇	🍇

1 Responde as seguintes preguntas.

- Que froita do calendario é a que máis che gusta? De que tempada é?

- Escribe tres froitas da estación en que te atopas agora mesmo.

- Que vantaxes ten comer froita de tempada?

- Tamén existen verduras de tempada. Busca información e escribe tres exemplos de cada época.

2 Utiliza o calendario e escribe.

- Unha froita que sexa de todas as tempadas.

- Unha froita que só poidamos atopar no verán.

- Unha froita que poidamos atopar no outono.

- Unha froita que non poidamos atopar nin no verán nin na primavera.

3 Elabora un calendario persoal de froitas. En cada mes, segundo a época do ano, escribe dúas froitas que vas consumir na túa dieta.

Xaneiro	⇒	<input type="text"/>	Xullo	⇒	<input type="text"/>
Febreiro	⇒	<input type="text"/>	Agosto	⇒	<input type="text"/>
Marzo	⇒	<input type="text"/>	Setembro	⇒	<input type="text"/>
Abril	⇒	<input type="text"/>	Outubro	⇒	<input type="text"/>
Maio	⇒	<input type="text"/>	Novembro	⇒	<input type="text"/>
Xuño	⇒	<input type="text"/>	Decembro	⇒	<input type="text"/>

4 Deseña un cartel publicitario para anunciar unha das túas froitas preferidas e que indique a tempada en que se pode comer.